

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 21, 33-43. 45-46

Naquel tempo, díxolles Xesús ós sumos sacerdotes e ós senadores do pobo:

– «Escoitade outra parábola:

Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendóullela a uns viñateiros e marchou para lonxe.

Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados ós viñateiros, para cobrar as rendas. Pero os viñateiros agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono.

De novo mandou outros criados, máis numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito.

Por último, mandoulles o seu propio fillo, dicindo para si:

"O meu fillo hano respectar".

Pero os viñateiros, ó veren o fillo, comentaron:

"Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa".

E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono.

Ben, ¿e cando veña o señor da viña, que fará cos viñateiros aqueles?»

Respondéronlle:

– «A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralles a viña a outros viñateiros, que lle paguen as rendas no seu tempo».

Díxolles entón Xesús:

– «¿Seica non lestes nunca na Escritura:

“A pedra que desbotaron os canteiros
é agora o esquinal:

esa pedra colocouna o Señor,
¡que regalía para nós!?”

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos.»

Oíndo as súas parábolas, os sumos sacerdotes e mais os fariseos decatáronse de que ían por eles. Quixérono prender, pero tivéronlle medo á xente, que o tiña por profeta.